

REGULAMENTO DA PROBA

Artigo 1. Información básica

O Concello de Fene e o Club Atletismo Fene organizan a I Carreira Popular da Festa Mariñeira - Concello de Fene.

A proba terá lugar o sábado, día 8 de setembro de 2018 a partir das 11:00 horas.

A saída e a meta estarán situadas diante da lonxa no Peirao de Barallobre.

Artigo 2. Participantes

A proba está aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

Artigo 3. Categorías

Establécense as seguintes categorías de participación:

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	DISTANCIA APROXIMADA
PEQUENOS Prebenxamín - benxamín	2009 a 2011	200 metros
MEDIANOS Alevín - Infantil	2005 a 2008	400 metros
ABSOLUTA Cadetes ata veteranos	2004 e anteriores	5.000 metros (2 voltas de 2.500 metros)
ADAPTADA	Todas, con recoñecemento de discapacidade	200 metros


Artigo 4. Percorrido, distancia e horario

O circuito sobre asfalto estará pechado a tódolos vehículos, salvo os autorizados pola organización.

O percorrido estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección Civil coa colaboración da organización. Calquera outro tipo de acompañamento está prohibido.

Tódolos circuitos establécense nun circuito urbano polos arredores do Peirao.

O percorrido da carreira absoluta consistirá en dúas voltas a un circuíto de 2.500 metros aproximadamente.



A saídas das carreiras terán lugar ás seguintes horas

CATEGORÍA	HORA	DISTANCIA APROXIMADA
PEQUENOS	11:00	200 metros
MEDIANOS	11:10	400 metros
ADAPTADA	11:20	200 metros
ABSOLUTA	11:30	5.000 metros (Dúas voltas de 2.500 metros)

Na categoría absoluta o control de chegada a meta pecharase 30 minutos despois da entrada do primeiro clasificado.

Artigo 5. Inscricións e condicións de participación

5.1) A inscrición será gratuíta e poderá realizarse a través do sistema on-line na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.com ata as 23:59 h. do día 5 de setembro.

5.2) Os participantes comprométense a:

- Aceptaren estritamente tódolos artigos do presente regulamento.
- Aceptaren as posibles modificacións da proba que teña que realizar a organización obrigada por causas alleas á súa vontade.

5.3) A inscrición da carreira é persoal e intransferible.

5.4) A formalización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: “Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, aos sponsors ou patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento puidiera derivarse tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e o perigo de lesión,”.

5.5) A organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdires algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

Artigo 6. Retiradas e descualificacións:

O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a:

- Calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- A todo atleta que non realice o percorrido completo.
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade, ou o fotocopie.
- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións (Art. 10 do presente regulamento)

Artigo 7. Custo da inscrición

A inscrición será GRATUÍTA para TÓDALAS CATEGORÍAS.

Artigo 8. Retirada de dorsais

Os participantes poderán retirar o dorsal o día 8 de setembro (na zona de organización situada no Peirao de Barallobre) de 9:00 a 10:30 h.

Artigo 9. Premios

- Os tres primeiros clasificados de cada sexo da categoría absoluta recibirán un trofeo, ademais dun agasallo cortesía de Bodegas Barral.
- Os dez primeiros clasificados de cada sexo da proba absoluta recibirán un vale de 20 € para gastar na Feira Mariñeira, cortesía do Concello de Fene.
- Tódolos/as participantes das demais categorías recibirán unha medalla.
- Haberá un trofeo para o/a participante de maior idade tanto masculino como feminino, que remate a proba.

Artigo 10. Reclamacións

As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización resérvase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellan.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme as normas de la F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F, por esta orde.

Artigo 11. Avituallamento

Na zona de meta establecerase un avituallamento final líquido.

Artigo 12. Outros servizos

Os atletas disporán de servizo de gardarroupa, situado na zona de saída/meta, así como tamén de servizo de duchas no Pavillón Municipal de O Ramo ao rematar a carreira.



Artigo 13. Seguros

Tódolos participantes estarán cubertos por unha póliza de Responsabilidade Civil, e outra de Accidentes. Quedan excluídos os danos producidos por desprazamentos a/dende o lugar no que se desenvolve a proba ou os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das normas, ...

A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida un atleta causarse a sí mesmo ou a terceiros.

Artigo 14. Protección de datos

Tódolos participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización por sí mesma ou mediante terceiras entidades, traten informáticamente e con finalidade exclusivamente deportiva ou promocional, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.

De acordo co que establece a LOPD 2018, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercer este dereito deberá solicitalo por correo electrónico a cultura.deportes@fene.gal.

Organizan:

- Club Atletismo Fene
- Concello de Fene
- Federación Galega de Atletismo
- Delegación de Ferrol da Federación Galega de Atletismo

Colaboran:

- Sedega, S.L.
- Club BTT Fene
- Protección Civil de Fene
- Bodegas Barral